

O Concello investirá 1,16 millóns de fondos propios en melloras no municipio

O pleno de Boqueixón acordou, cos votos a favor do Grupo de Goberno, aprobar unha modificación de crédito de 928.659,08 euros con cargo ao Remanente Líquido de Tesorería para acometer dez proxectos “que responden ás necesidades e peticións dos veciños de Boqueixón como o novo parque infantil no campo da Festa de Lestedo, un programa de sinalización de todo o concello ou o aglomerado das estradas de Casalpegito á Moa e de Ardarís a Rubial, entre outras actuacións”, explica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

As actuacións máis importantes, orzamentariamente falando, son a mellora con aglomerado do viario das pistas de Casalpegito á Moa (224.462,82 euros) e de Ardarís a Rubial (174.893,19 euros). “Son dous aglomerados de urxente realización xa que son pistas que vertebran e comunican parroquias, polo que soportan bastante tráfico”, indica o concelleiro de Economía e Facenda, José M. Iglesias.

Plan de sinalización

Por outra banda, o Concello de Boqueixón destinará 261.947,56 euros á realización dun plan de sinalización de núcleos de todo o municipio. A maiores, este programa de inversións inclúe tamén a achega municipal



O Concello construír un novo parque infantil no campo da festa de Lestedo

a achega municipal a proxectos que conseguiron financiamento por parte da Xunta de Galicia como os 30.000 euros para a mellora dos viarios perimetrais do polígono de Camporrapado (proxecto de 150.000 euros dos que a Xunta aporta 120.000 euros) ou os 13.353,85 euros para a realización dunha senda en Rubial, que se sumarán aos 15.000 euros achegados polo Xacobeo para “acometer o tramo dende a renovada praza de Rubial para garantir a seguridade dos peregrinos e veciños que discorren por esta zona”, apuntou o alcalde Manuel Fernández Munín.

Tamén se financiará con cargo ao Remanente a achega municipal (11.189 euros) para o investimento de 64.473 euros dentro do Plan AGADER de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas.

Finalmente, o programa inclúe a financiación de dous proxectos que non conseguiron fondos da Xunta de Galicia e que o Concello de Boqueixón acometerá aportando o 100% dos fondos necesarios. Así, destinaranse 48.397,17 euros ao acondicionamento dunha área recreativa en Gastrar e 15.145,34 euros para a corrección de impactos paisaxísticos no lavadoiro de Camporrapado.

Non será este o último programa de investimentos este ano. O concelleiro de Economía e Facenda adianta que “esta é a primeira modificación pero non será a última, porque en xullo imos traer unha segunda para poder acometer actuacións procedentes de subvencións conseguidas por este grupo de Goberno e ás que agora temos que dotar das achegas municipais”.

Construírse un novo parque infantil no campo da festa de Lestedo

O Concello destinará 91.593 euros de fondos propios á construción dun novo parque infantil no campo da festa de Lestedo. Manuel Fernández Munín explica que “a mellora deste parque é unha demanda que temos da veciñanza de Lestedo polo que decidimos retirar o actual e facer un novo parque nunha zona onde a poboación está medrando”.

Ademais, o alcalde adianta o investimento doutros 57.676 € en melloras nos parques infantís das escolas unitarias de Camporrapado e Lestedo, que incluírán o cambio do chan, a reparación dalgúns xogos e a colocación de novas instalacións.

Deste xeito, o Concello continúa co seu proceso de melloras nos parques infantís do municipio, despois da construción dun novo parque cuberto no CRA de Sergude este mesmo ano e a cubrición dos parques das unitarias de Lestedo e Camporrapado.

O 4G e 5G continúa a implantarse en Boqueixón

As principais operadoras de telefonía móbil continúan a implantar en Boqueixón os servizos de nova xeración 4G e 5G sobre as bandas 800 e 700 MHz. Isto pode afectar á recepción da sinal da TDT dalgúns veciños. En caso de que se produzan estes problemas, é preciso chamar ao número gratuito 900 833 999 (Llega700) ou contactar coa empresa a través da web www.llega700.es.

Máis de 150.000 € para as estradas do polígono de Camporrapado

O delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e o concelleiro de Economía e Facenda, José Manuel Iglesias, visitaron o polígono de Camporrapado, onde se van mellorar as estradas que o rodean. Unha actuación que suporá un investimento de 150.000 euros, dos que a Xunta de Galicia achegrá 120.000 e o resto será aportado polo Concello de Boqueixón de fondos propios.



Trenor, Fernández e Iglesias comprobando os viarios que se mellorarán

Gonzalo Trenor lembrou que o ano pasado no polígono de Sergude tamén se levou a cabo un investimento de máis de

60.000 euros cun apoio da Xunta de máis de 48.000 euros para levar a cabo a mellora na xestión dos seus residuos.



Alumnado das clases de ioga impartidas por Agora Yoga



Outro dos grupos dos cursos de novas tecnoloxías, neste caso en Lestedo



Persoas que tomaron parte do obradoiro da memoria en Lestedo



Participantes no curso de novas tecnoloxías, nivel 2, no Forte

Fin de curso nas clases de memoria, ioga e novas tecnoloxías

Gran participación nas actividades para adultos convocadas polo Concello de Boqueixón durante o ano e que agora se toman unhas merecidas vacacións de verán. Son o caso das clases de ioga, en colaboración con Agora

Yoga; dos obradoiros da memoria do Forte e de Lestedo; ou das clases de novas tecnoloxías, nas que se montaron dous grupos de iniciación e un de nivel 2. Se desexas participar, tras o verán haberá nova convocatoria.

Boqueixón consolídase como espazo de negocio do sector forestal na Península

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, participou na inauguración da sexta edición de Galiforest Abanca, destacando que este evento “tense consolidado en Boqueixón como o gran espazo de negocio e o punto de encontro do sector forestal na Península Ibérica”. O alcalde desexoulles unha boa feira ás 371 firmas expositoras participantes, “un récord que demostra a importancia do sector forestal en Galicia e a súa potencialidade cara o futuro”.

Fernández Munín convidou a expositores e asistentes a coñecer Boqueixón. “So tendes que achegarvos polo Centro de Interpretación do Pico Sacro e aló vos informarán e mesmo vos farán unha visita guiada e de balde”, e recomendou “desfrutar dos nosos excelentes viños e augardentes, da afamada



Inauguración e percorrido institucional polos distintos postos que conforman Galiforest 2022

tarta de Lestedo e o premiado Bo Queixo de Orto, así como outros manxares típicos galegos”.

O alcalde tomou parte na inauguración da feira

xunto ao vicepresidente segundo, Diego Calvo; e o director xerente da Fundación Semana Verde de Galicia, Ricardo Durán; entre outros. En Sergude están

presentes 371 firmas a través de 96 expositores directos procedentes de 26 países, o que supón un 47% máis de participación ca no 2018.



O Concello promove a súa oferta turística en Festur 2022

O Concello de Boqueixón participou un ano máis na VII Feira de Festas de Interese Turístico, Festur 2022, que tivo lugar do 2 ao 5 de xuño dentro da XXXIV Semana Verde de Galicia. Boqueixón participa cun posto propio no que promove as súas dúas festas de Interese Turístico: a Filloa de Lestedo e o Entroido dos Xenerais do Ulla, así como os seus distintos recursos turísticos e culturais.



Boqueixón conmemora o Día da Diversidade Sexual

O Concello de Boqueixón adheriuse un ano máis á campaña de sensibilización “Liberdade de ser e sentir”, promovida dende a área de Igualdade da Deputación da Coruña, para sensibilizar sobre a importancia da tolerancia e a igualdade das persoas, independentemente da súa orientación sexual e identidade de xénero. Máis información na web www.seresentir.gal.

A Cova do Pico e os 42 “espeleólogos”

O que parecía un conto, unha lenda máis do Pico Sacro, un desexo inalcanzable... finalmente fíxose realidade: 42 valentes puideron baixar ás Covas do Pico Sacro grazas á colaboración do Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía. Unha aventura que quedará gravada para sempre na mente destas, de momento, 42 persoas porque xa vos adiantamos que en breve teremos novidades.

Unhas baixadas espeleolóxicas que foron a gran novidade do programa “Un Mes e Pico”, que rexistrou unha gran participación durante maio e xuño. O mal tempo impediu a Cerimonia do Lume Sagrado e a súa entrega á veciñanza, pero non evitou as visitas teatralizadas dos Quinquilláns nin as visitas xeolóxicas de Geotur. As charlas de Francisco Manuel Martínez García e Xavier Groba González completaron esta cuarta edición.



Programa especial para a Noite Velada e a Batalla de Ponte Ledesma

Agosto dará comezo con dúas citas moi especiais. O venres 5, ás 21:30 h, nova edición da Noite Velada coas actuacións de A banda da Balbina, Raiola e Luz do Illicinio. E o domingo 7, ás 20:00 h, a Banda Unión Musical de Ponteledesma estreará a peza “A batalla de Ponte Ledesma”, mentres ten lugar unha recreación da mesma dirixida por Suso Martínez.



Uns equipos de veteráns de Primeira

Noraboa ao club Taberna do Portugués-Boqueixón Veteranos pola súa victoria por 1-0 diante de A Gracia Veteranos CF na final de Copa de Veteráns 2021-2022 de fútbol 11, disputada en Rois.

E parabéns tamén para o Tartas Lestedo-Reale, campión da Liga ADV de Fútbol Sala tras gañar 3-2 ao A Buxería Vet. E agora a polo dobrete, pois disputará a Copa de Veteráns de Fútbol Sala diante da Buxería Vet., tras vencer 4-3 ao Parrillada O Breixo.

Piragüismo, sendeirismo, pesca e voluntariado en “Correntes do Ulla”

Os alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e Vedra, Carlos Martínez Carrillo, presentaron o programa “Correntes do Ulla”, unha iniciativa que inclúe catro actividades abertas a toda a cidadanía e relacionadas co río Ulla. A primeira delas terá lugar o sábado 9 de xullo e será a única de pago: o descenso do Ulla en piraguas. Un percorrido entre Ponteledesma ata a área de recreo de Agronovo. O número de prazas é limitado e as inscricións custan 20 euros, que inclúen piragua para dúas persoas, chaleco salvavidas e seguro.

Do 15 ao 26 de xullo terá lugar o campo de voluntariado “Unindo roteiros”, dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos. Un campamento no que traballarán na creación dun novo sendeiro que una a Ruta dos Pescadores coa ruta de San Xoán da Cova. Colabora a Dirección Xeral de Xuven-



Presentación do programa “Correntes do Ulla”

tude, Participación e Voluntariado.

Goza do Ulla

Por outra banda, dentro do programa *Goza do Ulla*, ambos os dous concellos ofrecen a ruta “Unindo roteiros... ao pé do Ulla”. A ruta terá lugar o domingo 24 de xullo, ás 10:00 horas, ao longo dos 10 quilómetros que separan Sucira (ruta dos Pescadores) de Agronovo (ruta de San Xoán da Cova). Inscricións neste formulario: <https://bit.ly/3a3GFfv>

Finalmente, en colabora-

ción coa Federación Galega de Pesca, Boqueixón e Vedra ofrecerán dúas sesións da Escola de Pesca en Río dirixidas a rapazada de entre os 10 e os 13 anos e impartidas por David Arcay, campión do mundo de pesca de mosca. As clases terán lugar o mércores 27 de xullo na área de recreo de Agronovo e o xoves 28 de xullo na área de recreo de Sucira, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Máis información e inscricións na páxina web www.boqueixon.gal.



O Centro de Interpretación do Pico Sacro abrirá de venres a domingo

O Centro de Interpretación do Pico Sacro (Lestedo) abrirá ao público todos os venres, sábados e domingos de xullo, agosto, setembro e ata o 16 de outubro. O horario será de 10:00 a 14:00 e de 15:00 a 19:00 horas. No centro estará dispoñible a oficina de información turística e a exposición “O Pico Sacro, nos dominios da raíña Lupa”.

A maiores, o Concello continúa co programa de visitas guiadas de balde aos principais recursos turísticos de Boqueixón. Necesaria inscrición previa no propio centro, no 981 513 061 ou en boqueixonturismo@gmail.com.

Agasallos de “Lettering pola Igualdade”

O alcalde Manuel Fernández Munín vén de entregar os agasallos á rapaza de 5º e 6º de Primaria que participou no taller “Lettering pola Igualdade”: unhas carpetas personalizadas coa lenda “A educación é a vacina contra a violencia”, deseñadas por Irene Lareo Serramito (5º de Primaria). Unha actividade organizada polo CIM de Boqueixón e financiado polo Pacto de Estado en Materia de Violencia.



Entrega dos premios do VIII Certame de relato curto “Xosé Neira Vilas”

O alcalde Manuel Fernández Munín entregou os premios do VIII Certame de relato curto “Xosé Neira Vilas”, consistentes nun diploma, vale por material escolar e un exemplar do libro editado polo Concello. As gañadoras foron Noa Méndez Picallo (Secundaria), Nerea Rendo Sánchez (5º e 6º de Primaria) e Fátima de la Iglesia Lobato (3º e 4º de Primaria).

MercaBoqueixón, unha plataforma de venda en liña

O Concello promove MercaBoqueixón, unha plataforma de venda en liña baixo pedido que tamén inclúe pasarela de pago para quen queira facer compra ou venda directa. Estará integrada unicamente por establecementos de Boqueixón e a participación non ten custe ningún.

Cada participante poderá publicar e vender os produtos que queira ao prezo que considere. Destacaranse: “Sabores de Boqueixón” (produtos de horta, alimentación...) e “Ofertas especiais”. Máis información no Concello.



As Tardes Educativas e de Lecer axudaron ás familias a conciliar

As Tardes Educativas e de Lecer, o programa de conciliación da vida laboral e familiar posto en marcha polo Concello de Boqueixón durante o período escolar, pechou as súas portas polo curso 2021-22. Unha iniciativa que ofrece dous servizos en espazos diferenciados do CPI

Antonio Orza Couto: acompañamento escolar para que o alumnado poida realizar as tarefas escolares co apoio de monitorado especializado e “recreando”, unha actividade lúdico-cultural que inclúe un amplo programa de actividades, obradoiros e xogos. En setembro, máis.

Abre as súas portas o Verán Activo con 125 participantes

O Verán Activo 2022, programa lúdico e educativo do Concello de Boqueixón para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral nas vacacións escolares, abriu as súas portas con 125 participantes, de entre 3 e 12 anos de idade. Todos eles desfrutaron dun intenso programa de ocio nas instalacións municipais do Forte e no CPI Antonio Orza Couto.

Ademais, o 15 de xullo desfrutarán da actuación especial do ilusionista Dani García, que porá en escena o seu espectáculo “Don Gelati”.



Gran participación nos campamentos de verán

Un total de 141 rapaces e rapazas de Boqueixón e Vedra, de idades comprendidas entre os 9 e os 16 anos, participaron nos Campamentos de Verán 2022, organizados polos Concellos de Boqueixón e Vedra e que tiveron lugar nas Rías Baixas entre o 23 e o 30 de xuño.

Durante estes días, desfrutaron de todo tipo de actividades acuáticas, multiaventura, culturais e de natureza. A maiores, contouse con outros 25 mozos e mozas chegados de Ibiza e que forman parte dun intercambio acordado entre os Concellos de Boqueixón, Vedra e Ibiza.

Lendas do Pico Sacro

Pedro e o dragón Elliot, os dragóns de Xogo de Tronos ou Raya e o último dragón... son moitas as películas e libros que escollen a figura deste ser mitolóxico como protagonista da historia. E a nosa, tamén ten moito de dragóns e covas. Antigamente as grandes serpes eran chamadas "draco" é dicir, dragóns. Por iso, é frecuente encontrar lendas sobre grandes serpes que habitaban en castros ou montes.

A nosa lenda remóntase ao século XII. En concreto, ao códice medieval máis célebre de la peregrinación xacobeá: o Códice Calixtino. Nesta compilación de libros aparece a figura do dragón: "Un enorme dragón, por cuxas frecuentes incursións atopábanse entón desertas as vivendas das aldeas próximas". Compre destacar que a aparición deste animal mitolóxico alado no relato fundacional da cidade de Santiago de Compostela non é casual. Exemplifica a reencarnación do mal e polo tanto a dualidade entre o ben e o mal, que converte ao home loitador nun mito.

O Pico Sacro ten un lugar importante nesta historia. A lenda recollida no Códice é unha das evidencias da relevancia deste monte como lugar de culto precristián. Varios estudosos



Ilustración dun dragón recollida no Códice Calixtino

barallan a posibilidade de que aquí renderase culto a un numen solar, representado por un réptil xigantesco. Por iso, a necesidade dos discípulos de bendicir e rebautizar este pico para libralo do mal, Sacro. E por todo isto, o cristianismo acabou por converter a serpe/dragón na representación do paganismo: o mal.

Pero aínda hai máis lendas que xiran arredor desta figura fantástica e da súa morte.

Unha delas conta que o Apóstolo Santiago matou ao dragón cunha espada de lume. Despois, lanzou os ovos dentro da cova do Pico e deles saíron lagartas. E por iso, moitas persoas contiñúan tirando pedras ao interior, para matar aos "fillos" do dragón.

Outra das lendas, lévanos á raíña Lupa. Ela foi quen enviou aos discípulos de Santiago ao Pico Sacro para coller un carroco que transportar o corpo do Apóstolo. Os discípulos encontráronse cara a cara co dragón no Pico Sacro. Así, todos persignáronse e o dragón acabou morrendo.

Galicia é terra de meigas e lendas, e Boqueixón non ía ser menos. Por eso compre sempre levar unha pedra na man porque nunca se sabe cando pode rexurdir este ser mitolóxico.



A piscina municipal estará aberta ata o 5 de setembro

A piscina municipal de Boqueixón vén de abrir a súa tempada de verán. As instalacións, emprazadas no Forte, permanecerán abertas ao público ata o vindeiro 5 de setembro en horario de 15:00 a 21:00 horas, de luns a domingo. En caso de mal tempo, a piscina permanecerá pechada.

O prezo da entrada individual é de 3,71 €. Os prezos dos bonos de 20 entradas son de 6,17 € (para menores ata 16 anos) e de 12,34 euros (para maiores de 16 anos). Ademais, ofrécense diferentes opcións de abonos familiares de 20 entradas: pai e nai (15,43 €), 1º fi-

llo (6,17 €), 2º fillo (3,09 €) e de balde para os seguintes.

A adquisición dos bonos deberase facer previo pago ao Concello de Boqueixón no número de conta ES68 2080 0320 2531 1000 0666. Despois entregárase o recibo ou xustificante de ingreso na piscina municipal, onde se retirará o abono.

Outras actividades

De xeito paralelo, a piscina municipal de Boqueixón acollerá de luns a venres polas mañás as actividades do programa de conciliación Verán Activo, así como os cursos de natación, dirixidos a escolares de Infantil



As instalacións do Forte están abertas en horario de 15:00 a 21:00 horas

e Primaria. Uns cursos de natación que terán lugar durante os meses de xullo e agosto. Neles están anotados 26 persoas, de idades comprendidas entre os 4 e os 15 anos, e darán comezo o luns 4 de xullo

Bibliopiscina

Así mesmo, todos os mércores de xullo e agosto, en horario de 17:30 a 20:00 horas, haberá servizo de bibliopiscina con libros para

as familias e actividades para as crianzas. Deste xeito complementáase a oferta de lecer destas instalacións municipais. Iso si, os días de choiva nos que a piscina non poida abrir ao público, o servizo de bibliopiscina trasladarase ás instalacións da biblioteca municipal.

Unha biblioteca que ata o vindeiro 15 de setembro manterá o seu horario de verán: de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

AXENDA DO MES DE XULLO

Martes
5

Viaxe a Ibiza

Trinta mozos/as, de 16 e 18 anos, viaxarán do 5 ao 12 de xullo a Ibiza, froito dun intercambio entre os Concellos de Boqueixón e Ibiza.

Sábado
9

Descenso do Ulla en piraguas

Desde as Illas de Gres ata a área de recreo de Agronovo. Maiores de 13 anos. Prezo: 20 €. Prazas limitadas.

Venres
15

"Unindo roteiros", campo de Voluntariado

Do 15 ao 26 de xullo. Modalidade: medioambiental e dinamización. Idades: de 18 a 30 anos. Necesaria inscrición previa.

Domingo
17

Cé Orquestra Pantasma

Carballeira de Rodiño. Ás 12:30 h. Actuación de Cé Orquestra Pantasma. Entrada libre.

Domingo
24

Goza do Ulla

Ruta: Unindo roteiros... ao pé do Ulla. Área recreativa de Sucira. De 10:00 a 12:30 h. Roteiro lineal de 10 km de dificultade media-baixa. Necesaria inscrición previa.

Mércores
27

Escola de Pesca en río

Área de recreo de Agronovo. De 10:00 a 13:00 horas. Introdución ao mundo da pesca sostible para nenos/as de 10 a 13 anos. Imparte: David Arcay. Colabora: Federación Galega de Pesca.

Mércores
27

Mere Clown

Piscina municipal. 19:00 h. Actuación de Mere Clown co seu espectáculo "Peque Disco", onde o público desfrutará das máis coñecidas cancións infantís e da música máis actual. Público familiar.

Xoves
28

Escola de Pesca en río

Área de recreo de Sucira. De 10:00 a 13:00 horas. Introdución ao mundo da pesca sostible para nenos/as de 10 a 13 anos. Imparte: David Arcay. Colabora: Federación Galega de Pesca.

Venres
5

Noite Velada

Ponte Ledesma. 21:30 h. Actuacións de "Raiola" e "Luz do Illicinio". Actuación estelar de "A banda da Balbina"

Domingo
7

Batalla de Ponte Ledesma

Ponte Ledesma. 20:00 h. A Banda Unión Musical de Pontedesma estrea a peza "A batalla de Ponte Ledesma", cunha recreación da mesma dirixida por Suso Martínez

... e en agosto

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com